

Hoxe é o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Día cuxa mera presenza indícanos que existe un problema. Un problema que, neste caso, incide directamente sobre as mulleres. Sobre a súa integridade, física e emocional, sobre os seus dereitos e sobre a súa liberdade. Un problema que leva estando presente séculos e que comezamos a visibilizar hai pouco tempo. Tan pouco que, a estas alturas do século XXI, seguimos a escoitar noticias, case diarias, que nos falan doutra muller morta -asasinada, en realidade-, agredida ou maltratada. Noticias desgarradoras que xustifican, desgrazadamente, a necesidade dun día coma este.

Sucesos e sucesos que, se convertimos en estadísticas, déixannos números tan preocupantes coma os seguintes:

- O 80% das vítimas de tráfico de seres humanos son mulleres e nenas e conforman o 98% das vítimas de tráfico de seres humanos para fins de explotación sexual.
- O 90-91% das vítimas de violación son mulleres e o 98/99% dos violadores son homes
- O 38% dos asasinatos a mulleres son cometidos pola súa parella.
- Máis de 700 millóns de mulleres que viven actualmente foron casadas antes dos 18 anos, 250 millóns antes de cumprir os 15 anos.

Cabe plantearnos, polo tanto, por que sucede todo isto. Ou, quizais, plantearse máis ben o como; como chegamos a crear individuos deste tipo como sociedade. Porque, sinxelamente, razóns non hai. Acaso existe algún motivo real que xustifique a presenza desta violencia, desta desigualdade? Se todos respondemos que non sen sequera pensalo, por que seguen existindo casos que indiquen o contrario? Por que, como sociedade, creamos homes que seguen maltratando, agredindo e, aínda enriba, xustificándoo? Xustificándoo atacando á propia muller, á súa vestimenta ou á súa maneira de comportarse.

Para nós, o problema reside na educación que a poboación recibe dende a súa infancia. Unha educación recibida tanto dende o ámbito escolar como parental, tanto no contido que consumimos -plagado de estereotipos e ideas preconcebidas- como nas nosas primeiras conversas. Unhas ideas que, pouco a pouco, moldean a nosa personalidade colectiva, que, sen querelo, desembocan en violencia, desigualdade e imposibilidade de expresión. Ou, quizais, precisamente é a falta de educación -sexual, emocional e íntegra- a verdadeira causa.

Ti, como individuo, quizais vivas pensando que non podes facer nada. Que un xesto tan pequeno como o que poidas realizar ti non pode ter influencia algunha no futuro. Nós animámoste, a ti e a toda a sociedade, a que cambies esa mentalidade. Esa mentalidade que reside en case todos nós, que, en realidade, o único que logra é frear o avance do mundo en que vivimos. No fondo, son as persoas que se desprenderon dela as que lograron cambiar algo, moi pequeno ou moi significativo. Persoas con nomes máis ou menos recordados que contribuíron a que agora nos atopemos neste punto. Todos e todas podedes conseguir ser impulsores do cambio. Podedes plantearvos as cousas, o que escoitades, o que vedes. Podedes tratar de evitar as situacións que sentides que non son correctas. Podedes educar aos nenos pequenos

en igualdade, máis alá dos tópicos, dos roles, e lograr que cada xeración mellore á anterior. Pero, sobre todo, podeades intentar fomar parte da xeración que lle poña freo a todo isto. Da xeración que sexa recordada como a da fin da inxusticia, da desigualdade e, sobre todo, do machismo. Un machismo que, sen entender de espazo ou de tempo, arrebatou oportunidades, voces, experiencias, vidas. Vidas que a nosa xeración ten que tratar de salvar.